

## Informe Cuadrimestral nº 58 (setembro-decembro de 2023)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de setembro a decembro de 2023 relacionados coa ETSE. Durante este período celebráronse dúas Xuntas de Escola ordinarias o 21 de setembro e o 23 de novembro de 2023.

### Persoal

1 de setembro. Alberte Regueira López asinou un contrato como profesor axudante doutor da área de coñecemento de Enxeñaría Química.

1 de setembro. Raquel Dosil Lago asinou un contrato como profesora axudante doutora da área de coñecemento de Linguaxes e Sistemas Informáticos.

1 de setembro. David Chaves Fraga asinou un contrato como profesor axudante doutor da área de coñecemento de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial.

1 de setembro. Alvaro Ordóñez Iglesias asinou un contrato como profesor axudante doutor da área de coñecemento de arquitectura e tecnoloxía de computadores.

1 de setembro. Juan Diego Gutiérrez Gallardo asinou un contrato como profesor axudante doutor, da área de coñecemento de linguaxes e sistemas informáticos.

1 de setembro. Daniel Cores Costa asinou un contrato como profesor axudante doutor da área de coñecemento de ciencia da computación e intelixencia artificial.

2 de setembro. Cambio de coordinador do programa de doutoramento en Investigación en Tecnoloxías da Información. O novo coordinador pasa a ser Anselmo Tomás Fernández Pena en substitución de Francisco Manuel Fernández Rivera.

4 de setembro. Cesa Eladio Parga Ures como Técnico de Investigación do Departamento de Electrónica e Computación e se incorpora Antonio Suárez Espasandín.

4 de outubro. Toma de posesión como Catedrático de Universidade da área de Enxeñaría Química de Juan Manuel Garrido Fernández.

4 de outubro. Toma de posesión como Catedrática de Universidade da área de Enxeñaría Química de Eva Rodil Rodríguez.

5 de outubro. Toma de posesión como Profesor Titular de Universidade da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial de Juan Carlos Vidal Aguiar.

5 de outubro. Toma de posesión como Profesor Titular de Universidade da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial de Francisco Javier García Polo.

6 de outubro. Toma de posesión como Catedrática de Universidade da área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores de Dora Blanco Heras.

6 de outubro. Toma de posesión como Catedrático de Universidade da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial de Manuel Lama Penín.

6 de outubro. Toma de posesión como Catedrático de Universidade da área de Electrónica de Víctor Manuel Brea Sánchez.

6 de outubro. Toma de posesión como Catedrático de Universidade da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial de Manuel Felipe Mucientes Molina.

19 de outubro. Toma de posesión como Profesor Titular de Universidade da área de Enxeñaría Química de Miguel Mauricio Iglesias.

19 de outubro. Toma de posesión como Profesora Titular de Universidade da área de Enxeñaría Química de María Ángeles Val del Río.

14 de decembro. Sinatura do contrato como Profesor substituto da área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores de Julián García Fernández.

18 de decembro. Sinatura do contrato como Profesor substituto da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial de Efrén Rama Maneiro

19 de decembro. Sinatura do contrato como Profesor substituto da área de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial de Marcos Fernández Pichel.

### Asuntos académicos

6 de setembro. Defensa de TFM dos estudantes do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos e do Máster en Computación de Altas Prestacións.

7 e 11 de setembro. Defensa de TFM dos estudantes do Máster en Enxeñaría Ambiental.

11 de setembro. Defensa de TFM dos estudantes do Máster en Visión por Computador.

14 de setembro. Defensa de TFM dos estudantes do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data.

15 de setembro. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Química e do Grao en Enxeñaría Informática.

18 de setembro. Presentación e defensa da tese de doutoramento de M<sup>a</sup> João Cerveira Fernandes “Rehabilitation of contaminated soils and wáter using “tailor-made” Technosoils, dirixida por Felipe Macías Vázquez e M<sup>a</sup> Cristina F. Deleure Matos.

22 de setembro. Convocatoria de elección de representantes de centro nas titulacións de grao e máster, curso 2023-24.

22 de setembro. Publicación da convocatoria de asignación de TFM do Máster en Enxeñaría Química e Bioprosos. Resolución coa asignación definitiva o 6 de outubro.

28 de setembro. Publicación da asignación definitiva de prazas de prácticas en empresa do Máster en Enxeñaría Ambiental.

27 de outubro. Defensa da tese doutoral de Néstor Alberto Tafur Angulo, Improvement of chemical enhanced oil recovery methods. Dirección Ana M. Soto Campos e Alberto Pérez Muñuzuri.

18 de outubro. Premio aos mellores TFM do Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións: Daniel del Castillo de la Rosa polo seu traballo titulado “Implementación Paralela del Algoritmo HSI-MSER para el registro de imágenes hiperespectrales”.

23 de outubro. Proclamación definitiva de candidatos/as electos/as como representantes de centro nas titulacións de grao e másteres.

26 de outubro. III Foro de Empresas de Enxeñaría Química.

30 de outubro. Charla ao estudantado da materia Fundamentos de Procesos Químicos do Grao en Enxeñaría Química a cargo de Sonia Sande Pena, Responsable de Producción de Foresa (Caldas de Reis). Organizada polo profesor Enrique Roca Bordello.

2 de novembro. Charla informativa sobre proceso electoral de representantes do estudantado nas xuntas de centro e consellos de departamento por parte da Vicerreitora de Estudantes e un membro do consello do estudantado.

7 de novembro. Visita do estudantado do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada para a presentación das titulacións de grao impartidas no centro por parte da dirección e coordinación dos títulos.

15 de novembro. Charla informativa co estudantado do Grao en Intelixencia Artificial sobre o programa Erasmus.

16 de novembro. Charla informativa sobre o programa de prácticas en empresa para o curso 2023-24 a cargo do coordinador xeral de prácticas Óscar Rodríguez Figueiras, do coordinador de prácticas de Grao en Enxeñaría Informática Eduardo Sánchez Vila e da coordinadora de prácticas de Grao en Enxeñaría Química Gemma Eibes González.

1 de decembro. Actualización da composición da Xunta de Escola logo de publicación da proclamación definitiva de candidatas/os electas/os da

convocatoria de elección de representantes nas xuntas de centro e departamentos do 16 de outubro de 2023.

4 de decembro. Publicación das convocatorias de prácticas en empresa para o segundo cuatrimestre das titulacións de Grao en Enxeñaría Química e Grao en Enxeñaría Informática.

11 de decembro. Publicación da proposta provisional de concesión dos Premios Extraordinarios de Grao e Máster, curso 2022-23.

14 de decembro. Celebración do XVI Foro de Empresas do Grao en Enxeñaría Informática.

18 de decembro. Publicación da convocatoria de elección á Dirección da Escola.

21 de decembro. Charla informativa sobre o Programa Erasmus convocatoria 2024-25 a cargo do Responsable Académico de Mobilidade Juan C. Vidal Aguiar.

21 de decembro. Publicación da convocatoria para a solicitude de destinos Erasmus na ETSE.

15 de decembro. Defensa da tese de Ricardo Felipe Rebolledo Leiva, O potencial dos residuos agroalimentarios no contexto da biorefinería para unha bioeconomía circular. Dirección Sara González García e M<sup>a</sup> Teresa Moreira Vilar.

18 de decembro. Defensa da tese de Efrén Rama Maneiro, Modelos de aprendizaxe profundo para a monitorización predictiva de procesos de negocio. Dirección Manuel Lama Penín e Juan C. Vidal Aguiar.

18 de decembro. Defensa da tese de Marcos Fernández Pichel, Tecnoloxías para a extracción e análise de credibilidade de contidos en liña relacionados coa saúde. Dirección David E. Losada Carril e Juan C. Vidal Aguiar.

21 de decembro. Defensa da tese de Catarina Helena Da Silveira Miranda Guedes Pimentel, Eliminación de contaminantes de efluentes líquidos e gasosos mediante adsorbentes preparados a partir de biomasa residual. Dirección M<sup>a</sup> Sonia Freire Leira, e Julia González Álvarez.

## Actividades

21 de setembro. Charla “IA cognitiva: verdades, mentiras y retos”. Ponente: Jesús Vicente García Hernández, Senior Executive e responsable da área de Ciencia de Datos e Intelixencia Artificial en SDG Group.

28 de setembro. II Seminario Mulleres STEM e transición enerxética. Organizada ao abeiro da Cátedra de Transición Enerxética Genesal Energy-USC.

19 de outubro. Instalación diante da ETSE da unidade móbil de doazón de sangue para atender ás persoas que desexen participar.

26 de outubro. Charla técnica Televés: El poder de los datos, su representación y modelado predictivo en el ámbito de los productos y servicios. Ponente: José Luis Prado Seoane, responsable da arquitectura e analítica da datos e Intelixencia Artificial en Televés.

24 de novembro. Lectura do Manifesto 25N-RUIGEU. Organizada pola Comisión de Igualdade da ETSE.

11 e 12 de decembro. O Persoal do Servizo de Prevención de Riscos da USC (SPR) realiza unha sesión de formación sobre as actuacións ante emerxencias. O curso está dirixido a todo o Persoal das Equipas de Emerxencias.

30 de novembro e 1 de decembro. DevFest Santiago de Compostela. Conferencia tecnolóxica organizada por Google Developers Group Santiago de Compostela sobre intelixencia artificial e desenvolvemento web.

1 de decembro. Charla “A xestión de residuos como panca clave na loita contra o cambio climáticode”. Organizada pola ETSE dentro do programa Faíscas culturais Un rastro de furia e algas. Ponente: Mirta Sueiro Costoya, directora xeral de SOGAMA.

### Aula Profesional

18 e 19 de outubro. GaliciaTic 2023 “Impulsar el crecimiento y el talento digital en Galicia”. Actividade dirixida ao alumnado de Grao en Enxeñaría Informática e másteres relacionados. Organizado por David Losada Carril.

26 de outubro. Curso “Mejora energética a través de válvulas de control”, impartido por D. Ángel Arranz, director técnico en Emerson. Organizado por ISA e a profesora Isabel Vidal Tato.

23 de novembro. “Liderazgo y softskills: conversations in the evening”, coa participación de Adriana Trillo Montero (Xeal) e Helena Peñas (Norvento Enerxía). Organizado por ISA e a profesora Isabel Vidal Tato.

19 e 26 de outubro. Talleres de Virtualización, SDDC & Cloud y Kubernetes. Ponentes: Jessica Navas, Diego González, Pablo Galego, Alberto Otero (VMware). Organizado por Juan C. Pichel.

## Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

TRILEUCO SOLUTIONS	Todas as titulacións da USC
ENERGYLAB	Todas as titulacións da USC
ACTEGA ARTÍSTICA	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos e Máster en Enxeñaría Ambiental
SCHINDLER	Grao en Enxeñaría Química
YSPRO AUTOMATION S.L.U.	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos e Máster en Enxeñaría Ambiental
R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES S.A.U.	Grao en Enxeñaría Informática
CIE GALFOR S.A.U.	Grao en Enxeñaría Química
EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS AGRARIOS GALEGOS S.A. (EPSEAGA)	Máster en Enxeñaría Ambiental
XESTORES MEDIOAMBIENTAIS DE GALICIA SLU (XESMEGA)	Máster en Enxeñaría Ambiental

### Visitas a empresas

26 de setembro. Visita a Fragas do Eume (Pontedeume) do estudantado da materia Planificación de Sistemas Naturais do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Alberto Rojo Alboreca.

4 de outubro. Visita a EDAR de Placeres (Pontevedra) do estudantado da materia Proxectos de enxeñaría ambiental do Máster en Enxeñaría Ambiental, co profesor Mario Valladares López.

5 de outubro. Visita a Palexco (A Coruña) do estudantado da materia Procesos ambientais e economía circular do Máster en Enxeñaría Ambiental, cos profesores Gumersindo Feijoo Costa.

6 de outubro. Visita ao edificio Witland (Santiago) do estudantado do Máster en Intelixencia Artificial co profesor Alejandro Catalá Bolos.

6 de outubro. Visita a Balidea do estudiantado do Máster en Intelixencia Artificial cos profesores Alejandro Catalá Bolos e M<sup>a</sup> Jesús Taboada Iglesias.

9 de outubro. Visita a río Sar/Sarela (Padrón) do estudiantado da materia Calidade de Augas do Máster en Enxeñaría Ambiental coas profesoras Sarah Fiol López e M<sup>a</sup> Mercedes Parajó Montes.

10 de outubro. Visita a Bioetanol Galicia (Teixeiro) do estudiantado das materias Biocatálise, Bioenxeñaría e Bioprocesos do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, co profesor Carlos Rodríguez Osorio.

27 de outubro. Visita ao entorno de Santiago do estudiantado da materia Solos e medioambiente do Máster en Enxeñaría Ambiental, cos profesores Eduardo García-Rodeja e Carmela Monterroso.

8 e 9 de novembro. Visita a Foresa (Caldas de Reis) do estudiantado da materia Fundamentos de Procesos Químicos do Grao en Enxeñaría Química, co profesor Enrique Roca Bordello.

20 e 23 de novembro. Visita a Reganosa (Mugardos) do estudiantado das materias Proxectos e deseño de instalacións e Seguridade e Prevención do Grao en Enxeñaría Química, coas profesoras M<sup>a</sup> Sonia Freire Leira e Gemma Eibes González.

21 de novembro. Visita a Genesal Energy (Bergondo) do estudiantado da materia Enerxética Industrial do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, cos profesores José A. Souto González e Juan J. Casares Long.

23 de novembro. Visita a Cerámica Vereá (Mesía-A Coruña) do estudiantado das materias Sistemas de produción industrial e Ciencia de Materiais do Grao en Enxeñaría Química, cos profesores Pastora M<sup>a</sup> Bello Bugallo e Álvaro Gil González.

28 de novembro. Visita a Vertex Bioetanol Galicia (Teixeiro - Curtis) do estudiantado das materias Enxeñaría Bioquímica e Transferencia de Materia do Grao en Enxeñaría Química, cos profesores Jorge Sineiro Torres, Héctor Rodríguez Martínez e Amaya Franco Uría.

29 de novembro. Visita a Repsol (A Coruña) do estudiantado da materia Deseño conceptual de procesos do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, co profesor Héctor Rodríguez Martínez.

11 de decembro. Visita ao Parque Eólico de Corzán (Negreira) do estudiantado da materia Enerxética Industrial do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, cos profesores José A. Souto González e Juan J. Casares Long.

11 e 12 de decembro. Visita á Estación de tratamento de augas potables do Tambre (Santiago) do estudiantado das materias Transporte de Fluídos e Electrotecnia do Grao en Enxeñaría Química, cos profesores Diego Gómez Díaz e Juan M. Garrido Fernández.

19 de decembro. Visita a Mina de Touro do estudiantado da materia Sistemas de xestión e avaliación de impacto ambiental do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Xosé Lois Otero.

### Outros

30 de outubro. O mestrado en Enxeñaría Química e Bioprocesos, é distinguido coa mención de excelencia que a Xunta de Galicia outorga a titulacións oficiais de mestrado, na edición 2023.